



Praza número: **26/1007**

Categoría: **Profesor/a Substituto/a**

Área de coñecemento: **Construcións Arquitectónicas**

Departamento: **Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas**

ACTA DE CONSTITUCIÓN DA COMISIÓN E APROBACIÓN DOS CRITERIOS DE VALORACIÓN

Ás 12:00 horas do día 16 de xullo do 2026, constitúese a comisión xulgadora do concurso enriba indicado, coa asistencia dos seguintes membros:

Presidencia: Enrique Antelo Tudela.

Secretaría: Pablo Daniel García Carrillo.

Vogal 1º: Inmaculada Bote Alonso.

Repr. persoas traballadoras: María Inés Pernas Alonso.

Todas as persoas que integran esta comisión manifestan que non incorren en ningunha das causas de abstención previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, nin en ningunha das situacións que se poidan cualificar de conflito de interese das establecidas no artigo 32.4 do Real decreto 678/2023.

A continuación, a comisión aproba os **criterios de valoración** dos méritos das persoas candidatas:

Criterio de aplicación xeral

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento da praza obxecto de concurso multiplicaranse por 1.

Os méritos na/s especialidade/s de coñecemento afíns multiplicaranse por 0,5. A comisión acorda establecer como especialidades de coñecemento afíns as seguintes:

100. Composición Arquitectónica; 300. Expresión Gráfica Arquitectónica; 715. Proxectos Arquitectónicos. 815; Urbanística e Ordenación do Territorio.

Os méritos nas restantes especialidades de coñecemento entenderanse como non afíns e multiplicaranse por 0,1.

Criterios específicos

Todos os puntos que non estean incluídos nestes criterios específicos valoraranse de acordo co establecido no baremo da citada Normativa incluído no anexo I e segundo a ponderación por especialidades de coñecemento establecida nos parágrafos anteriores.

EXPERIENCIA DOCENTE. Puntuación máxima : 100 puntos

Calidade docente. Puntuación máxima: 20 puntos

Só se valorarán os cinco primeiros méritos alegados.

Manuais e libros de texto con finalidade docente universitaria (máximo de 4 puntos por cada manual/ libro). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:



Praza número: **26/1007**

Categoría: **Profesor/a Substituto/a**

Área de coñecemento: **Construcións Arquitectónicas**

Departamento: **Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívicas e Aeronáuticas**

Só se valorarán publicacións con ISBN e se considerará o prestixio da editorial (internacional: 4 puntos; nacional: 2 puntos; local: 0,5 puntos). Tamén se aplicará un coeficiente de redución de valor 0,5 a partires de 2 autores.

Participación en proxectos docentes ou en grupos de innovación docente (máximo de 4 puntos en cada caso). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Se considerará o grao de participación, a calidade e a innovación do proxecto realmente levado a cabo.

Estadías docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Estadías internacionais: 2 puntos, e estadías nacionais: 1 punto.

Mobilidade docente STA ou similar (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Non se considerarán estadías STA inferiores a 2 días de docencia. Outorgarase 1 punto por cada 8 horas da mesma estadía e proporcionalmente o resto das estadías.

Premios e recoñecementos docentes (máximo de 2 puntos). Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Terase en conta a solvencia do xurado e a importancia do premio (premio internacional: 2 puntos; premio nacional: 1 punto; premio local: 0,5 puntos).

EXPERIENCIA INVESTIGADORA E DE TRANSFERENCIA. Puntuación máxima: 100 puntos

Publicacións científicas (artigos en revistas científicas, libros e capítulos de libro). Puntuación máxima: 40 puntos

Coeficiente multiplicador entre 0,25 e 1, que poderá ter en conta o número de persoas autoras da publicación e, no caso das revistas, a súa posición na base de datos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

1 autor/a, coeficiente multiplicador: 1; 2 autores/as, coeficiente multiplicador: 0,7; 3 autores/as, coeficiente multiplicador: 0,5; 4 ou máis autores/as, coeficiente multiplicador: 0,25.

Os libros e os capítulos de libro valoraranse tendo en conta o prestixio editorial. A puntuación máxima dun capítulo de libro será de 1 punto; a dun libro, de 5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Exclúense as auto edicións. Dependendo do número de autores/as, o coeficiente multiplicador será: ata 3 autores/as, a valoración divídese polo número de autores/as e para 4 ou máis autores/as, aplicarase un coeficiente redutor igual a 0,25.

No caso das enxeñarías, as publicacións en actas de congreso de calidade contrastada ou incluídos en listas de referencia valoraranse cun máximo de 2,5 puntos por cada contribución. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

1 autor/a e comunicación internacional, coeficiente multiplicador: 1; 2 autores/as e comunicación internacional: 0,7; máis de 2 autores/as e comunicación internacional, coeficiente multiplicador: 0,5; 1 autor/a e comunicación nacional, coeficiente multiplicador: 0,7; máis dun autor/a e comunicación nacional, coeficiente multiplicador: 0,5.

Praza número: **26/1007**

Categoría: **Profesor/a Substituto/a**

Área de coñecemento: **Construcións Arquitectónicas**

Departamento: **Construcións e Estruturas Arquitectónicas, Cívís e Aeronáuticas**

Comunicacións en reunións científicas. Puntuación máxima: 5 puntos

Cada contribución valorarase cun máximo de 0,5 puntos. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

Só se valorarán os 10 primeiros méritos alegados. 1 autor/a e comunicación internacional, coeficiente multiplicador: 1; 2 autores/as e comunicación internacional: 0,7; máis de 2 autores/as e comunicación internacional, coeficiente multiplicador: 0,5; 1 autor/a e comunicación nacional, coeficiente multiplicador: 0,7; máis dun autor/a e comunicación nacional, coeficiente multiplicador: 0,5.

Accións de transferencia e divulgación. Puntuación máxima: 10 puntos

Puntuación máxima de 2 puntos por cada mérito alegado. Os criterios específicos de valoración serán os seguintes:

As publicacións, os premios e os recoñecementos consideraranse indicios de calidade do mérito. En canto ao número de autores/as, ata 3 autores/as, a puntuación dividirase polo seu número; no caso de 4 ou máis autores/as, aplicarase un coeficiente multiplicador igual a 0,25.

EXPERIENCIA PROFESIONAL. Puntuación máxima: 100 puntos

Non se establecen criterios específicos de valoración

En A Coruña, a 16 de xullo do 2026

A presidencia,

A secretaría,

Enrique Antelo Tudela

Pablo Daniel García Carrillo